

## **Informe de legalidade sobre o proxecto de decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.**

De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, emito o seguinte

### **INFORME**

#### **1. Marco normativo e competencial**

O marco xurídico competencial que atribúe aos órganos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a elaboración da presente norma parte do artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, consonte o cal é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do seu artigo 81 o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

O Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dispón no seu artigo 1 que lle corresponden a esta consellería, entre outras competencias e funcións, a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, e a coordinación do sistema universitario, de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, nas leis orgánicas reguladoras do sistema educativo español e demais normativa de aplicación.

O artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, na redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro, define o currículo como o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas nesa lei.

Consonte o citado artigo, para asegurar unha formación común e garantir a validez dos títulos correspondentes, o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas,



fixará, en relación cos obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo, que constitúen as ensinanzas mínimas.

As Administracións educativas, pola súa banda, establecerán o currículo das distintas ensinanzas, do que formarán parte eses aspectos básicos e revisarán periodicamente os currículos para adecualos aos avances do coñecemento, así como aos cambios e novas esixencias do seu ámbito local, da sociedade española e do contexto europeo e internacional.

O Real decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación infantil, establece na súa Disposición final terceira, Calendario de implantación, que o seu contido implantarase no curso escolar 2022-2023.

Este Real decreto aprobou e concretou a nivel estatal as ensinanzas mínimas para a educación infantil, determinando os aspectos básicos do currículo, establecendo o obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto desta etapa. Por outra banda, e para cada unha das áreas, fíxanse as competencias específicas previstas para a etapa, así como os criterios de avaliación e os contidos enunciados en forma de saberes básicos. Ademais, cara a facilitarlle ao profesorado a súa práctica docente, propón unha definición de situacións de aprendizaxe e enúncianse orientacións para o seu deseño.

## **2. Necesidade e oportunidade**

A memoria de legalidade, acerto e oportunidade elaborada pola Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (actual Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa xustifica o marco normativo e competencial do decreto, que se dita para adaptar o sistema educativo galego ao cambio normativo establecido pola Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, segundo as directrices determinadas pola Unión Europea e pola UNESCO para a década 2020-2030 e as demandas da propia sociedade galega; establecer a ordenación e o currículo das ensinanzas da educación infantil regulando e establecendo as correspondentes relacións entre os distintos elementos curriculares conforme ás competencias correspondentes en materia educativa e ao Real decreto 95/2022, do 1 de febreiro; e concretar as intencións do sistema educativo galego para a etapa da educación infantil, sinalando as pautas de acción ou orientación sobre como proceder para facelas realidade e comprobar que efectivamente se teñen acadado.



### 3. Tramitación

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, establece no capítulo II do seu título II o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral. O artigo 41 regula a fase inicial e sinala que a elaboración das devanditas disposicións iniciárase por acordo da persoa titular da consellería na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa. Así, o presente proxecto de decreto foi elaborado como anteproxecto pola Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional . A documentación achegada nesta fase foi a seguinte:

- Acordo do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (actual conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades) de 3 de febreiro de 2022, de inicio do procedemento de elaboración da norma.
- Texto do anteproxecto.
- Memoria de legalidade, acerto e oportunidade.
- Memoria económico-financeira.
- Táboa de vixencias.
- Informe do Servizo Técnico-Xurídico, de 10 de maio de 2021.

De acordo co artigo 41.2 da citada lei, o texto da proposta normativa expúxose publicamente na fase "Consultas abertas" da sección "Consulta pública previa" do Portal de Transparencia e Goberno Aberto durante o período comprendido entre o 5/02/2022 e o 19/02/2022. Nese prazo recibíuse unha achega/opinión a través do formulario dispoñible no propio portal, que segundo informe do secretario xeral De educación e Formación Profesional, de data 24 de febreiro de 2022, sería tida en conta na redacción do anteproxecto.

Logo de finalizar esta fase do procedemento mediante a aprobación inicial do texto como proxecto de decreto polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o 8 de marzo de 2022, seguíronse os trámites da fase intermedia previstos no artigo 42 da Lei 16/2010.

De conformidade co artigo 41.5 da mesma norma, consta certificado da directora de Área de Administración dixital na Amtega que no período comprendido entre o 9/03/2022 e o 30/03/2022 (en cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno), se expuxo públicamente no portal de

[Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades](#)  
[Secretaría Xeral Técnica](#)  
[Edificio Administrativo San Caetano, nº 2, baixo](#)  
[15781 Santiago de Compostela](#)



Transparencia e Goberno Aberto o texto íntegro do proxecto de decreto, recibíndose tres suxestións.

Así, na tramitación do proxecto solicitouse informe á Secretaría Xeral da Igualdade —emitido o 18 de marzo de 2022—, á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa (actual Dirección Xeral de Simplificación Administrativa)—emitido o 15 de marzo de 2022— e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos —emitido o 4 de abril de 2022—.

De acordo co artigo 42.9 da Lei 16/2010, remitiuse á Consellería de Política Social (actual Consellería de Política Social e Xuventude) unha análise do impacto demográfico do proxecto e a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica emitiu informe con data 17 de marzo de 2022.

Figura tamén no expediente o ditame emitido polo Consello Escolar de Galicia, en reunión celebrada o día 5 de abril de 2022, coas propostas recollidas na dita reunión.

Consta tamén informes da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, do 17 de abril de 2022, sobre a incorporación ao texto das suxestións efectuadas polos distintos órganos que con carácter preceptivo informaron o proxecto, as alegacións realizadas por outras consellerías, e as suxestións recibidas no a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Por último, o Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia emitiu informou favorablemente o proxecto de decreto, na súa reunión do día 7 de xullo de 2022. Consta certificado emitido pola secretaria do dito órgano co visto en data 8 de xullo de 2022.

A Asesoría Xurídica Xeral emitiu informe o 30 de xuño de 2022.

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, por considerar que se axusta á legalidade vixente, informo favorablemente o proxecto de decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela

Manuel Vila López  
Secretario xeral técnico

